

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda**, a través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, e da súa vicevoceira, **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación**, sobre a **necesidade de que o goberno galego reclame á Comunidade de Castela e León unha rectificación sobre a consideración curricular que ten a lingua galega na “ORDEN EDU/363/2015, de 4 de mayo, por la que se establece el currículo y se regula la implantación, evaluación y desarrollo del bachillerato en la Comunidad de Castilla y León”**

O venres 8 de maio de 2015 dábase a coñecer no Boletín Oficial de Castela e León (nº 86) a **“ORDEN EDU/363/2015, de 4 de mayo, por la que se establece el currículo y se regula la implantación, evaluación y desarrollo del bachillerato en la Comunidad de Castilla y León”**.

De forma cáseque inmediata xurdiron as voces de alarma dos colectivos que defenden a promoción e ensino da lingua e da cultura galega no Bierzo pola consideración que ten esta materia en dita Orde.

As preocupacións son lóxicas como veremos, xa que a lingua e a cultura galega é considerada como **“materia de libre configuración autonómica”** (ANEXO I.D) e esta consideración ten graves implicacións, xa que establece un principio discriminante para o alumnado que decida cursala:

- O alumnado ten un horario de 30 períodos lectivos (art. 13), mentres que aquel alumno ou alumna que curse lingua e cultura galega terá 33 períodos lectivos en 1º BAC e 34 en 2º BAC (artigo 13.3).

- O incremento deses períodos lectivos faise fóra do horario escolar, ocasionando trastornos en materia de xantar e non disporían de transporte escolar.

Resulta evidente a discriminación negativa que soportaría o alumnado que decida cursar a lingua e cultura galega. De feito, podemos afirmar que o incremento horario e a franxa deseñada para o seu ensino, provocará, de forma inevitable unha redución do alumnado que podería, potencialmente, escollela á hora de matricularse en 1º BAC. Mesmo cabe a posibilidade de que, sinxelamente, desapareza o seu ensino.

Unha consecuencia engadida é que de non mudarse a consideración curricular da lingua e cultura galega como materia de libre configuración autonómica, será imposible que se cumpra co Programa de Promoción da Lingua Galega no Bierzo, que é onde están os 4 institutos que imparten esta materia.

Cómpre evitar esta inxusta consideración curricular e restaurar os dereitos lingüísticos do alumnado do Bierzo que decida cursar a lingua e cultura galega. Consideramos desde AGE que corresponde ás autoridades galegas en materia educativa e de Política Lingüística reunirse coas súas homólogas de Castela e León e atopar unha solución que non discrimine e supoña agravio para o alumnado.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte interpelación:

- **Vaise dirixir o goberno galego ao goberno da Comunidade de Castela e León para reclamar un cambio curricular na ORDE EDU/363/2015, de 4 de maio, con respecto á impartición da lingua galega de maneira que se atope unha solución que non supoña un agravio para o alumnado e se acade un correcto cumprimento dos obxectivos do Programa de Promoción da Lingua e Cultura Galega no Bierzo?**



En Compostela, a 21 de maio do 2015.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 21/05/2015 12:40:12

Ramón Vázquez Díaz na data 21/05/2015 12:40:15

Jose Javier Ron Fernandez na data 21/05/2015 12:40:20